

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Chumín e o lobo

Na parroquia de Santo Estevo do Vicedo recollemos unha lenda, datada na segunda metade do século XIX, que fala do encontro dun home co lobo.

Despois de amenizar, xunto coa súa inseparable gaita, unha romaría, un tal Chumín regresaba para a casa. Era inverno, a noite caeu axiña; a mesta arboreda que abeiraba a corredeira semellaba unha tétrica caverna. O home respirou aliviado cando, por fin, viu a luz: a lúa chea alumaba, como unha xigantesca candeia colgada do ceo, a paisaxe. Apurou o paso, xa cheiraba o lume da lareira. Mais, de súpeto, parou en seco, un leve ruído sobre a frouma, alertouno. Pouco a pouco xirou a cabeza, algo lle dicía que non estaba só. E non errou, uns enfeitizantes ollos mirábano fixamente, sen pestanexar. O rei da noite, o temible lobo, a besta das bestas, asexábao. Chumín, aterrecido, encomezou a tremer de tal xeito que, sen quere-lo, presionou sobre o fol da gaita provocando que o roncón espaxera o seu grave son: «Estou perdido», pensou. Mais, cal foi a súa sorpresa cando viu que o lobo, coma se o demo o perseguira, liscou a fume de carozo. «Se por medo é, que soe o roncón», dixo Chumín apertando de novo o fol.

[Conto remitido por Xabier Moure Salgado, de Pontide, Suegos, O Vicedo (Lugo), en maio de 2009. Fonte oral: Antonio de Marea, veciño de Baltar, O Vicedo (Lugo)]

BIBLIOGRAFÍA

Nota do remitente:

O ancestral temor ao lobo, que case provocou o seu exterminio durante a Idade Media, propiciou que no século XIV, o rei Enrique II eximira aos veciños de Creximil (Negradas) do aboamento de trabucos en pago polas batidas que facían contra este depredador. Cántase como un sucedido real acontecido en Santo Estevo de Vicedo.

Nota do editor:

É conto Tipo 168 do *Catálogo de tipos folklóricos* de Aarne e Thompson, actualizado en 2004 por Uther.